

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de outubro de 2020**

No salón de sesións do Pazo Provincial, ás 17.00 horas do día 21 de outubro de 2020, reúnese a comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste a deputada de **Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de setembro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 16 de setembro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA RECLAMAR UNHA XESTIÓN TRANSPARENTE, EFICIENTE E PÚBLICA DA ESTACIÓN DE MONTAÑA DE MANZANEDA.-

D. Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, en liñas xerais manifesta estar conforme coa moción, se ben lembra que se esqueceron de sinalar os cinco millóns de euros de gasto dos canóns de innovación para a estación. Entende que nestas infraestruturas é necesario un cambio do modelo de xestión e que segundo o grupo de goberno esta se ía producir coa nova licitación que, sorprendentemente, quedou deserta. Engade que non pode ser que a próxima actuación da Deputación consista noutro préstamo participativo á entidade. Finalmente reitera a importancia de que se lles volva dar presenza aos concellos de Trives e Manzaneda no Consello de Administración.

D. José Miguel Caride Domínguez, de DO, manifesta que reserva o voto para o Pleno.

O **presidente da comisión** sinala que non está de acordo con moitas das acusacións directas, e outras veladas, que figuran na moción e que o seu grupo reserva o voto para o pleno e que en todo caso alí dará argumentos suficientes.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, volve insistir na importancia de esta infraestrutura como motor do turismo e do emprego na comarca, reclamando que se clarifiquen as xestións dela, e sobre todo que se poña en funcionamento canto antes.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, e co voto favorable do Grupo Socialista e do BNG e a abstención do Grupo Popular e DO, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense e á Xunta de Galicia a nomear como membros do consello de administración de Meisa ao alcalde de Manzaneda e á alcaldesa da Pobra de Trives, para garantir a representatividade dos territorios nos que se asenta a estación de montaña de Manzaneda e a transparencia na súa xestión.

2º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense e á Xunta de Galicia a que cesen da actual xestión escurantista da estación de montaña de Manzaneda e comecen a aplicar un modelo público, transparente e coa esixencia de que, quen estea á fronte, conte con experiencia e solvencia acreditada.

3º.- Instar á Deputación de Ourense a que proceda, sen máis dilación, a concluír as obras de remodelación na estrada de acceso á estación de montaña de Manzaneda, cumprindo os compromisos adquiridos, mellorando así a competitividade do complexo e garantindo a seguridade e confortabilidade dos usuarios e usuarias.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, reitera unha pregunta formulada polo seu grupo o 6 de marzo de 2020, que aínda non se contestou, relativa ao papel da Deputación na organización da festa do xabaril e a caza de Punxín e en que consistiu a colaboración da Deputación neste evento.

O **presidente da comisión** manifesta que se contestará por escrito.

D. Bernardo Varela López, do BNG, en relación co proxecto de apertura dunha delegación ou oficina da Deputación no Concello da Rúa, para atención na Comarca de Valdeorras, solicita información de como se atopa o dito proxecto e se xa se ten decidido que funcións tería e que persoal.

O **presidente da comisión** manifesta que se contestará por escrito.

E, ás 17.25 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

